

A Antoloxia de Yara F. Vieira

Anxo Tarrío Varela

Despois de ter falado o domingo pasado de antoloxías, en xeral, e de antoloxías poéticas, en particular, chégame polo correo, mesmo como se fose traída por algunha oportuna fada ou meiga, unha nova antoloxía da poesía galega. En efecto, a profesora da Universidade de Campinas (Brasil) Yara Frateschi Vieira acaba de sacar a lume a súa hai tempo anunciada *Antologia de Poesia Galega* (Editora de Unicamp, 1996). A profesora brasileira estivo entre nós durante algúns meses, hai un par de anos, observándonos, preguntando, orientándose e tratando de captar todo o necesario para levar adiante a súa difícil empresa.

Ela míranos con ollos de fóra, e diso é ben consciente, como tamén o é das ausencias que presenta a súa obra e das limitacións que lle impón o feito de ser estranxeira. A súa é unha escolma feita segundo os criterios que ela considerou oportunos para o público a quen vai dirixida, un público brasileiro que nada ou pouco sabe de nós. Por iso, nas páxinas limiares ofrece unha pequena información sobre o proceso de formación da literatura galega contemporánea (por certo con algún erro: Aquilino non é máis vello que Manuel Antonio; o Seminario de Estudos Galegos non é do 1922, senón do 23; Fernández del Riego non é Luís, senón Francisco...)

Segundo a autora, o proxecto prevía un núcleo de poetas de 1976 a 1990, pero ao final decidiu ofrecer tamén “un panorama da poesía galega anterior ao último cuartel do século”, incluíndo unha pequena escolma da lírica medieval galego-portuguesa (xa coñecida polo seu público) así como unha mostra da poesía galega contemporánea, dende Rosalía en adiante. Neste apartado, as renuncias que tivo que practicar foron abondo importantes, e diso decátase Vieira, ao nomear explicitamente as ausencias (graves), que habería que incluír “numa antoloxia com propósitos diferentes”: Curros, Cabanillas, Pimentel, Bouza Brey, Díaz Castro, Carballo Calero, Pura Vázquez, Manuel María, Bernardino Graña, etc.

En canto á selección de poetas que publicaron obra entre 1976 e 1990, hai que dicir que non vai satisfacer a un gran número deles que non se verán aquí representados.

Naturalmente que, se non se relativiza e non se aplica un alto grao de comprensión diante desta escolma da poesía galega, as xenreiras que vai levantar non han ser poucas nin de pouca autoridade, pero situados na banda da comprensión e desbotada calquera visceralidade, para nós, os galegos, é unha razón de ledicia saber que no Brasil van dispoñer dunha parte representativa da poesía galega; que van ter noticia, por máis que sucinta e incompleta, do proceso de formación da nosa literatura e dalgúns poetas de nós que tiveron a fortuna de seren da preferencia de Yara Frateschi Vieira, que redondea o seu traballo ofrecendo ao seu público unha bibliografía mínima da literatura e da lingua, fragmentos de autopoéticas, biobibliografías dos autores escolmados e algunhas equivalencias léxicas no brasileiro de certos vocábulos galegos.

Así, pois, se disimulamos certos erros e incoherencias (o *Diccionario* de Lanciani/Tavani, por ex., está nun apartado que non lle corresponde), a obra cumpre os seus obxectivos: iniciar o público brasileiro na nosa poesía, mediante unha, en palabra da autora, “possível seleção -feita com cuidado, respeito e grande admiração pela poesia galega-, mas certamente nao a única”. E xa se sabe que, baixo o punto de vista exposto aquí o domingo pasado, diante dunha antoloxía, toda outra consideración valorativa é moi difícil de emitir, sen caer noutras arbitrariedades.

O Correo Galego, 1996